

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade interveu nun almuerzo informativo organizado pola Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña, baixo o título 'Horizonte do sector: afrontando novos retos'](#)

### ETHEL VÁZQUEZ AVANZA QUE A XUNTA LICITARÁ EN MAIO O CONCURSO DE PROXECTO E OBRA PARA A PASARELA SOBRE A RÍA DO BURGO, UN INVESTIMENTO DE 8 M€ QUE USARÁN ATA 2.300 PEÓNS E CICLISTAS AO DÍA

- Vázquez Mourelle urxe unha resposta consensuada entre o Goberno de España, autonomías e o sector ante a crise dos materiais e da enerxía
- Insiste en que as medidas adoptadas polo Goberno central deben ampliarse para incluír máis materiais e evitar o risco nas obras hidráulicas ou a conservación de estradas
- Adianta que a Xunta aprobará nas vindeiras semanas medidas para aplicar a revisión de prezos en todas as obras públicas con plenas garantías xurídicas
- Subliña que o Goberno galego ten en contratación actuacións por 135 M€ e prevé licitar nos vindeiros 3 meses obras por 240 M€, sumando 375 M€ para acadar unha Galicia máis social, verde e moderna
- Lembra que están en execución as autovías Nadela-Sarria e Tui-A Guarda, as obras hospitalarias de Ferrol, Pontevedra ou Ourense ou o saneamento das rías en Pontevedra, Rianxo, Viveiro ou Foz
- Destaca a aposta autonómica pola Coruña co novo Hospital Público, cun orzamento de 430 M€; a intermodal, coa achega de 40 M€ para iniciar as obras en outubro; ou a estrutura flotante no Parrote, que estará materializada en 2023

**A Coruña, 19 de abril de 2022.-** A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, avanzou que a Xunta licitará en maio o concurso de proxecto e obra para a nova pasarela sobre a ría do Burgo, un investimento de 8 millóns de euros destinado a facilitar a mobilidade sostible, coa previsión de ser usada por ata 2.300 peóns e ciclistas cada día.

Vázquez Mourelle, acompañada do delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, interveu nun encontro organizado pola Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña (APPECO), baixo o título 'Horizonte do sector: afrontando novos retos'. No acto participou tamén o presidente da Federación Galega da Construción e de APECCO, Diego Vázquez Reino.

Ethel Vázquez subliñou a importancia do diálogo co sector ante un momento complexo, pois aínda que a Xunta conta cos maiores Orzamentos da historia da Comunidade Autónoma e coa oportunidade dos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fondos europeos, tamén existen dificultades inéditas como o encarecemento desorbitado de materiais ou a crise enerxética.

Sinalou que as solucións pasan por unha actuación dialogada e consensuada entre o sector, as comunidades autónomas e o Goberno de España, que é quen ten as competencias en materia de contratos públicos e debe autorizar a revisión de prezos.

Indicou que as medidas adoptadas ata o momento polo Executivo central son insuficientes porque non teñen en conta a escalada dos prezos enerxéticos e de moitos máis materiais que os 4 previstos, polo que deben ampliarse.

Avanzou que están en risco obxectivos tan importantes como a execución das obras hidráulicas ou a conservación de estradas polo que as medidas deben ampliarse, tal e como onte mesmo lle solicitou a Xunta por carta á ministra de Transportes.

Adiantou que a Xunta xa está en disposición de aprobar nas vindeiras semanas medidas para aplicar a revisión de prezos en todas as obras públicas na Comunidade, con plenas garantías xurídicas.

### **375M€ para unha Galicia máis social, verde e moderna**

Por outra parte, a conselleira detallou o esforzo investidor que está a realizar a Xunta, que actualmente ten en proceso de contratación actuacións por importe de case 135 millóns de euros que serán adxudicadas nos vindeiros meses, contribuíndo á dinamización da economía e do emprego.

Salientou unhas previsións favorables para os vindeiros tres meses, co obxectivo de licitar obras por importe doutros 240 millóns de euros, sumando un total de 375 millóns destinados a construír un país mellor para vivir, para visitar e para emprender.

Destacou que estes investimentos acadarán unha Galicia máis social, con obras como a ampliación do hospital público de Santiago; máis verde, coa nova depuradora de Vilagarcía de Arousa; e máis moderna, coa intermodal da Coruña.

Lembrou que o Executivo autonómico está a executar unha importante carteira de obras públicas como as autovías de Nadela-Sarria e de Tui-A Guarda, as grandes obras hospitalarias de Ferrol, Pontevedra ou Ourense ou o saneamento das rías en Pontevedra, Rianxo, Viveiro ou Foz.

### **A Coruña**

Remarcou que o Goberno galego está a centrar os seus esforzos en executar proxectos transformadores para Galicia e as súas cidades.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A este respecto, concretou o impulso na Coruña de proxectos tan relevantes como o novo Hospital Público, con máis de 430 millóns de euros previstos para blindar a sanidade pública das vindeiras décadas; ou a estación intermodal, xa licitada, con 40 millóns, para iniciar as obras en outubro.

Engadiu novos proxectos como a estrutura flotante no Parrote en colaboración coa Autoridade Portuaria, un investimento de 3,1 millóns de euros e que se terá materializado no ano 2023.

**Saúdos do Gabinete de Comunicación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**